



DATOS IDENTIFICATIVOS

Literatura infantil e xuvenil

Materia	Literatura infantil e xuvenil			
Código	P02G120V01910			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Montero Santalla, Jose Martin			
Profesorado	Montero Santalla, Jose Martin			
Correo-e	santalla@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia busca, en primeiro lugar, coñecer a problemática da literatura infantil nos seus aspectos xerais, e familiarizarse cos principais autores, obras e personaxes tanto da literatura infantil universal como da literatura infantil galega; e, en segundo lugar, aprender métodos e técnicas para practicar literatura nas aulas, de acordo coa idade dos alumnos en cada etapa, e para axudarlles a vivir o mundo da literatura infantil e a facer eles mesmos literatura.			

Competencias de titulación

Código	
A2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
A3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar
A4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B3	Comunicación oral e escrita
B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B19	Coñecemento doutras culturas e costumes

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecer a problemática xeral da literatura da infancia e da adolescencia.	A3	
Coñecer os principais autores tanto da literatura infantil universal como da literatura infantil galega, e familiarizarse coas súas obras máis coñecidas e cos personaxes que eles criaron.	A4	B3
Aprender métodos e técnicas para ler e analizar textos de literatura infantil nas aulas, de acordo coa idade dos alumnos en cada etapa da súa formación escolar.	A2	B3 B11 B19
Aprender estratexias didácticas que axuden aos alumnos a descubrir e a compartir os valores humanos, morais e estéticos do mundo da literatura infantil, e, a partir daí, a exercitaren tamén eles a súa propia creatividade literaria.	A4	B1 B2

Contidos

Tema	
Problemas preliminares da literatura infantil	- A denominación "literatura infantil (e xuvenil)": varios significados - A infancia, realidade pluriforme: etapas no desenvolvemento infantil - Literatura ou pedagogía?: "Ensinar deleitando"

Perspectiva histórica da literatura infantil	- Unha historia breve e recente: de "subliteratura" a fenómeno sociolóxico - A época contemporánea: características da literatura infantil nos nosos tempos - Palabra e imaxe: cómic, radiotelevisión e cinema
Modalidades da literatura infantil	- Literatura popular e literatura "cultura" - Os xéneros da literatura infantil: narrativa, poesía, teatro - Xéneros especiais: a fábula, as adiviñas
Os clásicos da literatura infantil universal	- Séculos XVII-XIX: os contos de Perrault, os contos dos irmáos Grimm, os contos de Andersen, Lewis Carroll e "Alicia", Collodi e "Pinocho"... - O século XX: entre Peter Pan e Harry Potter - Os nosos días
A literatura infantil na Galiza	- Precedentes na Idade Media e na Idade Moderna: das Cantigas de Santa Maria ao Padre Sarmiento - O século XX: autores e obras principais - Os nosos días

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	16	128	144
Traballos tutelados	2	0	2
Actividades introdutorias	2	0	2
Probos de resposta longa, de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Na sesión maxistral o profesor expón os contidos teóricos dos temas da asignatura.
Traballos tutelados	Elaboración de algún traballo escrito, segundo as propostas do profesor.
Actividades introdutorias	Introdución xeral á materia e ao desenvolvemento do curso.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Elaboración de un traballo escrito sobre algún dos temas propostos polo profesor.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Probos de resposta longa, de desenvolvemento	Trátase de un exame escrito sobre os temas contidos no programa da materia.	100

Outros comentarios sobre a Avaliación

Bibliografía. Fontes de información

Pedro C. Cerrillo / Jaime García Padrino (coords.), *Literatura infantil y su didáctica*, Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, 1999.

Antonio Moreno Verdulla, *Literatura infantil: introducción a su problemática, su historia y su didáctica*, Cádiz: Universidad, Servicio de Publicaciones, 1994.

Agustín Fernández Paz, *A Literatura infantil e xuvenil en galego*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1999.

Bibliografía complementaria:

Veljka Ruzicka Kenfel / Celia Vázquez García / Lourdes Lorenzo García (eds.), *Literatura infantil y juvenil: tendencias actuales en investigación*, Vigo: Universidade de Vigo, 2000.

Aurora Marco / Pilar Couto Cantero / Elva Aradas Carollo / Fernando Vieito Liñares (eds.), *Actas del VII Congreso Internacional de la Sociedad Española de Didáctica de la Lengua y la Literatura (Santiago de Compostela, 27 - 29 de Noviembre de 2002)*, 2 vols., A Coruña: Deputación da Coruña, 2004.

Pedro C. Cerrillo / Jaime García Padrino (coordinadores), *La Literatura infantil en el siglo XXI*, Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, 2001.

José Manuel de Amo Sánchez-Fortún, *Literatura infantil: claves para la formación de la competencia literaria*, Archidona: Aljibe, 2003.

